

1. De acordo co establecido no artigo 4 da Orde do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte Orden PCM/58/2022, do 2 de febreiro, adoptaranse as medidas necesarias para asegurar a igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo derivadas de discapacidade.

A este respecto, poderanse adoptar medidas como: adaptación de tempos, elaboración de modelos especiais de exame, posta á disposición do alumnado dos medios materiais e humanos, asistencias, apoios e axudas técnicas que precise para realizar a proba, así como a garantía de accesibilidade á información e comunicación dos procesos e ao recinto ou espazo físico onde esta se desenvolva.

2. A avaliación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo derivadas de discapacidade tomará como referencia as adaptacións curriculares realizadas ao longo da etapa educativa. Particularmente, teranse en conta medidas de flexibilización e metodolóxicas na avaliación de lingua estranxeira para o alumnado con discapacidade, en especial para os casos de alumnado con discapacidade auditiva, alumnado con dificultades na súa expresión oral e/ou trastornos da fala. Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas.

3. O tribunal cualificador das probas poderá requirir os informes e a colaboración precisa dos órganos técnicos competentes da administración educativa, así como dos centros onde cursasen bacharelato as alumnas e alumnos con discapacidade. En todo caso a solicitude deberá ir acompañada do correspondente certificado do secretario/a do centro que indique as adaptacións realizadas durante o bacharelato o ciclo formativo superior.

4. O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo matriculado na proba de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade no sistema universitario de Galicia, cando requira unha adaptación específica para realizar a citada proba, poderá solicitar a adopción dalgunha das medidas arriba indicadas ante o presidente do tribunal único da proba segundo o procedemento de actuación establecido pola CiUG.

5. Fíxase un prazo dende a data de hoxe ata preferentemente o día 04/02/2023 para informar a CiUG da posibilidade de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.